



Concello de Arbo

BASES DO CONCURSO DE COMPARSAS DO CONCELLO DE ARBO: ENTROIDO 2020

1. Concello de Arbo convoca un concurso de comparsas para celebrar, o próximo domingo 23 de febreiro, o Entroido 2020, establecendo as seguintes categorías:
 - a. Comparsas de 15 ou máis membros
 - b. Comparsas de 5 ata 14 membros
 - c. Comparsas infantís (15 ou máis membros menores de 12 anos)
 - d. Mellor mascarita
2. Os que desexen concursar, deberán anotarse no Concello a partires da publicación destas bases ou ata unha hora antes do inicio do desfile a través de persoal do Concello identificado durante os momentos previos ao inicio do desfile. O prazo para anotarse no Concello remata o xoves 21 de febreiro ás 13:00 horas.
3. O xurado estará formado por membros designados entre o público asistente. Estas persoas non poderán formar parte de ningunha comparsa. O xurado será o encargado de avaliar e puntuar as comparsas, comparsas infantís e as mascaritas. Poderá actuar como secretario/a do xurado unha persoa designada polo Concello, que terá voz pero non voto.
4. Os membros do xurado valorarán a todas as comparsas que participen no concurso.
5. A puntuación das comparsas, comparsas infantís e mascaritas realizarase de 1 ao número total de comparsas existentes. As puntuacións non se poderán repetir, é dicir, irán de 1 ao número total de comparsas ou mascaritas sen que se poida repetir ningún dos números comprendidos entre eses límites.
6. A puntuación das comparsas de 5 a 14 membros e das comparsas de 15 ou máis membros serán separadas.





Concello de Arbo

7. O Xurado, na súa valoración terá en conta os seguintes criterios: a orixinalidade do motivo da comparsa; a festa ou balbordo que desenvolva a comparsa durante o desfile, a escenografía e o vestiario.
8. Para as comparsas de 15 ou mais membros, establécense 4 premios. A que obteña maior puntuación recibirá un premio de 450 euros. A segunda, un premio de 225 euros. A terceira un premio de 100 euros e a cuarta percibirá un premio de 50 euros.
9. No caso de que existan menos de 4 comparsas de máis de 15 membros, quedarán desertos os premios non cubertos pola ausencia de comparsas.
10. Para as comparsas de 5 a 14 membros establécense 4 premios. A que obteña maior puntuación recibirá un premio de 130 euros. A segunda, un premio de 70 euros. A terceira un premio de 30 euros e a cuarta percibirá un premio de 30 euros.
11. No caso de que existan menos de 4 comparsas de 5 ata 14 membros, quedarán desertos os premios non cubertos pola ausencia de comparsas
12. Para as comparsas infantís (15 ou máis membros menores de 12 anos) establécense 4 premios. A que obteña maior puntuación recibirá un premio de 140 euros. A segunda, un premio de 70 euros. A terceira un premio de 30 euros e a cuarta percibirá un premio de 30 euros.
13. No caso de que existan menos de 4 comparsas infantís, quedarán desertos os premios non cubertos pola ausencia de comparsas
14. Para a mellor mascarita establécense 4 premios. A que obteña maior puntuación recibirá un premio de 70 euros. A segunda, un premio de 35 euros. A terceira un premio de 20 euros e a cuarta percibirá un premio de 20 euros.
15. No caso de que existan menos de 4 mascaritas, quedarán desertos os premios non cubertos pola ausencia de participantes.
16. A entrega dos premios realizarase o domingo día 23 de febreiro
17. En caso de mal tempo, o desfile poderá ser cambiado de data.





Concello de Arbo

18. Os premios estarán suxeitos a correspondente retención nos termos previstos na Lei 35/2006 de 28 de novembro reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.
19. A entrega de premios quedara en todo caso supeditada a existencia de consignación orzamentaria na aplicación 330.48 do orzamento do exercicio 2020.
20. Os datos persoais que os participantes ou gañadores do presente concurso faciliten para a participación no mesmo e no seu caso, para o adecuado desenvolvemento do concurso, serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Arbo. A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento en base á Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e á Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os datos persoais proporcionados polos participantes e gañadores do concurso serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación xeral do presente procedemento de concorrencia (concurso) e o desenvolvemento das prestacións derivadas do mesmo, polo que se conservarán mentres sexan necesarios para as ditas finalidades, e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente. Do mesmo xeito, determinados datos poderán ser publicados, nos termos previstos na lexislación vixente, a través de medios comunicación institucionais como Boletíns ou Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios, coa finalidade de dar a publicidade legalmente esixidas ao procedemento. En caso de que os participantes no concurso facilitaran datos de carácter persoal de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, previamente a súa inclusión deberán informar ás persoas interesadas dos extremos.
21. Participar no desfile e comparsas e inscribirse para a obtención de premios supón a aceptación íntegra destas bases.

O alcalde. Horacio Gil Expósito. Documento asinado electronicamente

